

INSTRUCCIÓN E RECOMENDACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DE TRAVESÍAS A NADO EN AUGAS ABERTAS

Tempada 2016/17.

1.- Nome e teléfono da persoa responsable da organización e seguridade da proba.

2.- Medios para a auga:

- 2 embarcacións a motor para auxiliar ou trasladar a terra os nadadores con problemas para continuar coa proba.
- 1 embarcación a motor, como mínimo, para o traslado de árbitros o longo do percorrido da proba.
- «Kayaks» ou Piraguas para sinalizar o percorrido a ser posible un en cada unha das boias de viraxe.
- Boias de sinalización:
 - Dun tamaño que sexa visible desde lonxe.
 - Unha por cada punto de viraxe.
 - Varias o longo do percorrido a unha distancia doada de visualizar polos nadadores e dun cor diferente as de viraxe.
 - Sinalización da chegada visible dende lonxe e acoutando a chegada.

3.- Medios en terra:

- Ambulancia e persoal cualificado capaz de solucionar calquera incidente na proba.
- Equipos de comunicación entre o control de saída/chegada e as embarcacións de seguridade e dos árbitros.
- Persoal voluntario para apoio nas tarefas de saída/chegada cos nadadores (reparto de dorsais, control de saídas e chegadas, recollida de chips de cronometraxe, axuda coas tarefas de auxilio dos nadadores,..)

4.- Seguros de responsabilidade civil e Seguro de accidentes para participantes non federados e voluntariado.

5.- Medición da temperatura da auga antes do comezo da proba para determinar o uso ou non do neopreno e comprobación da temperatura mínima segundo o esixido pola normativa.

6.- Documentación a enviar a FEGAN, para a solicitude dunha sede do Circuito Galego de Augas Abertas e calquera outra proba de Augas Abertas; aquela documentación que non poida ser enviada á FEGAN no momento de solicitar a sede, deberá ser enviada en todo caso, 10 días antes da celebración da proba.

- Copia da Póliza de Seguro de Responsabilidade Civil e Accidentes (participantes non federados e voluntariado).
- Copia das autorización pertinentes para poder realizar a travesía (Autoridade Portuaria, Capitanía Marítima, Rede Hidrográfica, etc).
- Plano do percorrido indicando o balizamento que delimitara o circuito.
- Protocolo de actuación e evacuación en caso de emerxencia (Plan de seguranza).
- Medios dos que se indisporán na auga e en terra (puntos 2 e 3).
- Normativa da proba a realizar (horario e condicións, categorías, inscricións da proba).
- Abono da cota de inscrición da Travesía de 300 euros.

- O presente documento será enviado asinado polo organizador da travesía á FEGAN.

7.- A FEGAN en ningún caso actúa como organizadora da/as probas de travesía en augas abertas, limitándose a dar recomendacións e instrucións ao/s organizador/es das mesmas.

8.- En tanto en canto a FEGAN non organiza ningunha proba de travesía en augas abertas, exímese de calquera responsabilidade por culpa ou negligencia que proveña do incumprimento polo/s organizador/es de calquera das medidas comprendidas neste documento de recomendacións e instrucións, así como de calquera outra responsabilidade que puidera producirse por culpa ou negligencia.

Asdo: _____

Data: _____